


# HISTORIA



O 30 de xaneiro celébrase o día da Paz, dedicado a conmemorar nos centros educativos unha cultura de non violencia e paz. A educación na tolerancia, na solidariedade, a concordia e o respecto aos Dereitos Humanos.

Nese día celébrase o aniversario da morte do Mahatma Gandhi (India, 1869-1948), líder pacifista que foi asasinado por promover a non violencia e a resistencia pacífica fronte ás inxustizas.

Existen diferentes símbolos para representar a Paz a nivel mundial.

- A rama de oliveira é outro símbolo de paz que a humanidade utiliza desde hai moito tempo. Era un dos atributos da deusa grega da paz, Irene, e simbolizaba a abundancia e a vitoria sobre os malos espíritos. Nas antigas Grecia e Roma, intercambiábanse ramas de oliveira como oferta de paz tras unha batalla.
- A pomba da paz é un símbolo moi antigo. Aparece no libro do Xénesis e representa a paz e a reconciliación tras o Diluvio Universal. Despois da Segunda Guerra Mundial a pomba da paz volveu ser unha imaxe moi recoñecida, debido a uns debuxos realizados por Pablo Picasso. Tradicionalmente, a pomba da paz é de cor branca e porta unha rama de oliveira no pico.

- O logo da paz, creado en 1958 por Gerald Holtom, un deseñador gráfico inglés, para unha campaña en apoio do desarmamento nuclear; este símbolo fíxose mundialmente coñecido nos anos 60 a través do movemento hippie. As liñas dentro do círculo representan as letras D e N (desarmamento nuclear) no alfabeto semáforo, que é o que se utiliza os brazos e bandeiras para enviar mensaxes visuais a longa distancia.
- Tamén se utiliza o sinal da "V" cos dedos da man, que é un xesto realizado coa man virada cara a fóra e que ten diferentes significados. Este sinal popularizouse como signo de paz durante os movementos pacifistas posteriores á II Guerra Mundial; especialmente, na década de 1960, durante a Guerra do Vietnam. Debemos ter en conta que se realizamos este sinal coa man virada cara a dentro, pode ser considerado un insulto grave nalgúns países anglosaxóns.
- Outro símbolo da paz é a pipa da paz xa que moitos pobos orixinarios de América do Norte tiñan entre as súas tradicións compartir unha pipa cerimonial como símbolo de paz e amizade.
- Tamén temos a simboloxía das mans pintadas de branco e estendidas coa palma cara fóra, que son outro xesto de paz e de rexeitamento á violencia, en particular ao terrorismo. O significado das mans brancas é dobre: xa que o feito de que as mans estean pintadas de branco reflicte o contraste fronte ás mans manchadas de sangue; e o feito de que estean abertas e estendidas é un xesto de conciliación, que significa que a persoa non oculta nada.